

1. Creados para sermos felices

Para comezar

- Que significa que Deus nos crea para ser felices?
- Por que non conseguimos ser felices?
- Que nos afasta da felicidade?
- Está o ser humano obrigado a obedecer a Deus?
- Que pasa cando nos trabucamos?
- Quen nos devolve a felicidade?

Á imaxe de Deus

A felicidade do home e da muller é a finalidade da creación visible. O ser humano, creado á imaxe de Deus, está orientado cara ao coñecemento e cara ao amor a Deus. Cada persoa é un ser autónomo dun modo singular e irrepetible. Cada un de nós temos unha grande importancia e unha misión insubstituíble. Todos debemos vivir como persoas, como criaturas responsables das nosas accións e das nosas decisións para servir ao «Ti», ao mundo e a Deus.

1. O ser humano foi creado para ser feliz



No principio, Deus crea o home e faino para que sexa feliz. Para iso dálle todo o que necesita.

Nesta pasaxe do *Catecismo da Igrexa Católica*, vemos todo o que Deus pensou para o home.



355 «Deus creou o home á súa imaxe, á imaxe de Deus creouno, home e muller creounos» (Xn 1,27). O home ocupa un lugar único na creación: «está feito á imaxe de Deus» (I); na súa propia natureza une o mundo espiritual e o mundo material (II); é creado «home e muller» (III); Deus estableceuno na amizade con el (IV).

356 De todas as criaturas visibles só o hombre é «capaz de coñecer e amar ao seu Creador» (GS 12,3); é a «única criatura na terra á que Deus amou por si mesma» (GS 24,3); só el está chamado a participar, polo coñecemento e o amor, na vida de Deus. Para esta fin foi creado e esta é a razón fundamental da súa dignidade:

«Que cousa, ou quen, foi o motivo de que estableceras o home en semellante dignidade? Certamente, nada que non fora o amor inextinguible co que contemplaches á túa criatura en ti mesmo e te deixaches cautivar de amor por ela; por amor creáchelo, por amor décheslle un ser capaz de gustar o teu Ben eterno» (Santa Catalina de Siena, *Il dialogo della Divina provvidenza*, 13).

357 «Por estar feito á imaxe de Deus, o ser humano ten a dignidade de persoa; non é só algo, senón alguén. É capaz de coñecerse, de posuírse e de darse libremente e entrar en comunión con outras persoas; e é chamado, pola graza, a unha alianza co seu Creador, a ofrecerlle unha resposta de fe e de amor que ningún outro ser pode dar no seu lugar.»

Fonte: Catecismo da Igrexa Católica (http://www.vatican.va/archive/catechism_sp/p1s2c1p6_sp.html)



Actividade

1. Le o texto anterior con atención e busca as palabras que non coñezas no dicionario, logo resume coas túas palabras o que pensas que quere dicir o texto.

Deus constrúenos un mundo perfecto

Deus fixo o maior agasallo que fixera endexamais: a súa creación. Isto inclúe todo o que coñecemos no noso mundo: a terra, o ceo, os planetas, o Sol ou a Lúa. Como veredes, non esqueceu nada.

Deus crea un mundo perfecto, no que o home ten todo para ser feliz. Neste relato da Xénese vemos exactamente todo o que o home tiña.

Lemos este texto da Xénese.



Xénese 1

1 No principio creou Deus o ceo e a terra.

2 A terra era unha masa disforme e baldeira, as tebras cubrían o abismo e un vento poderoso axitaba as augas.

3 Mandou Deus que houbera luz, e houbo luz.



4 Viu Deus que a luz era cousa boa e arredouna das tebras.

5 Á luz chamouna día e ás tebras chamounas noite. E con iso completouse o primeiro día da semana.

6 Quixo Deus que houbera un espazo para arredar as augas das augas.

7 E fixo un espazo, que arredaba as augas de enriba das de embaixo.


8 Ao espazo rematado Deus chamouno ceo. E completouse o segundo día.

9 Mandou Deus que se xuntasen as augas de embaixo nun lugar e que aparecese o chan enxoiro. E así foi.

10 Ao chan enxoiro chamouno terra e ás augas xuntas, mares. E viu que estaba ben.

11 Mandou Deus que a terra xermolase herba verde, plantas coa súa semente e árbores que desen froitos, cada unha coa súa semente, conforme á súa especie. E así foi.

12 A terra xermolou herba verde, plantas coa súa semente, árbores que daban froito, cada unha coa súa semente. E viu Deus que estaba ben.



13 E completouse o terceiro día.

14 Mandou Deus que houbera luces no espazo para distinguir o día da noite, para dar sinal das festas, das estacións e dos anos,

15 e para que, brillando no espazo, alumasen a terra. E así foi.

16 Deus fixo dúas luminarias, a grande que rexe o día, a pequena que rexe a noite, e tamén as estrelas.

17 Púxoas no espazo, para alumar a terra,

18 para rexer o día e a noite e para distinguir a luz das tebras. E viu que estaba ben.

19 E completouse o cuarto día.

20 Quixo Deus que as augas fosen un fervedeiro de peixes e o espazo entre o ceo e a terra un voar de paxaros.

21 E creou os monstros mariños, os moitos xéneros de peixes que referven nas augas e todas as sortes de paxaros. E parecéronlle ben.

22 E bendiciunos deste xeito: «Reproducídevos, creced, enchede as augas do mar e que os paxaros medren na terra».

23 E completouse o quinto día.

24 Mandou Deus que a terra producise varias especies de animais, os domésticos, os reptís e as feras salvaxes. E así foi.

25 Deus fixo varias especies de feras salvaxes, animais domésticos, reptís, e parecéronlle ben.



26 Despois dixo Deus: «Fagamos o home á nosa imaxe e á nosa semellanza, e que mande nos peixes do mar, nos paxaros do ceo, nos animais domésticos e nos reptís todos da terra».

27 E creou Deus o home á súa imaxe, creouno á imaxe de Deus, creouno varón e femia.

28 E bendiciunos así: «Reproducídevos, creced, enchede a terra e sometédea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos reptís todos da terra».

29 E díxolles aínda: «Aí vos dou as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e todas as árbores que dan froito coa súa propia semente: serviranvos para a mantenza.

30 Ás feras todas do monte, aos paxaros do ceo e aos reptís que viven na terra doulle a herba para a mantenza». E fíxose así.

31 Viu Deus canto fixera e era de verdade moi bo. E completouse o sexto día.

Fonte: A Biblia (<http://www.abibliagalega.com/>)

Actividades

2. Le o capítulo 1 da Xénese e fai unha lista con todas as cousas que Deus fai para o mundo no que pon ao home.

3. **En grupos** imos debuxar, nunha cartolina, o mundo como o define Xenése 1. O grupo que máis elementos debuxe, poderá poñer o seu póster no panel de cortiza da clase.

4. **En grupo.** Imos debater na clase sobre a lectura da Xénese 1.

- Que vos pareceu?
- Botades en falta algo na creación?
- Gustaríavos estar aí?

Un reto antes de continuar

R

O sábado pasado, Xoán e Alicia foron cos seus pais ao supermercado. Ao entrar viron unhas persoas vestidas de uniforme que repartían bolsas aos clientes. A eles déronlles unha e os seus pais, mentres mercaban, enchérona con diferentes obxectos. Para que?

Descubre neste encrucillado algunhas das cousas que puxeron nesa bolsa.



2. El creounos ceibos

Sobre a liberdade humana

Deus crea o home e a muller, e nun grande acto de amor, créaos ceibos. Imos ler esta pasaxe da **Xénese (2,8-25)**.



- 8 O Señor Deus plantou un xardín en Edén, cara a oriente, e puxo nel ao home que formara.
- 9 Fixo xermolar da terra árbores fermosas para a vista e boas para comer, e entre elas a árbore da vida e a árbore do coñecemento do ben e do mal.
- 10 En Edén nacía un río que regaba o xardín e de alí ía partirse en catro brazos.
- 11 O primeiro chamábase Pisón: percorre o país de Havilá, onde se acha ouro;
- 12 o ouro deste país é de calidade, e alí hai tamén ámbar e ónix.
- 13 O segundo chamábase Guihón e percorre o país de Cux.
- 14 O terceiro é o Tigris, que corre ao oriente de Asiria, e o cuarto é o Éufrates.
- 15 O Señor Deus estableceu o home no xardín de Edén, para que o traballase e o coidase.
- 16 E deulle esta orde: «Podes comer do froito das árbores todas do xardín
- 17 pero da árbore do coñecemento do ben e do mal non comerás, pois en canto comas dela de certo morrerás.»
- 18 O Señor Deus pensou: «Non está ben o home só. Vou facer para el unha axuda ao seu xeito.»

19 O Señor Deus formou de terra as feras do monte e os paxaros do ceo, e presentoullos ao home, para ver que nomes lles puña. Cada ser vivo levaría o nome que o home lle puxese.

20 O home púxolles nomes aos animais domésticos, aos paxaros do ceo e ás feras do monte. Pero entre eles non había unha axuda ao seu xeito.

21 Entón infundiou o Señor Deus un sono profundo no home, e este adormeceu. Tiroulle unha costela e cerrou con carne o sitio.

22 Da costela do home formou unha muller e presentoulla ao home.

23 O home exclamou: «Agora esta é coma min, o mesmo óso, a mesma carne. Chamarase muller, porque foi tirada do home.»

24 Por iso deixa o home a seu pai e a súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo.

25 Estaban os dous espidos, o home e a muller, pero non sentían vergoña.

Fonte: A Biblia (<http://www.abibliagalega.com>)

Actividade

1. Le e contesta estas preguntas:

Pregunta	Versículo	Resposta
Que árbore estaba plantada no medio do xardín?		
Para que hai un río?		
Nomes dos catro ríos		
Que lle pide Deus ao home que faga no Paraíso?		
Que lle prohíbe Deus ao home e cal será a consecuencia?		

Que curioso!

Logo de ler esta pasaxe, hai unha incongruencia. Algo que, segundo o lido, non podería ser. Poderías atopar esta «errata» e explicala?

Pois trátase deste anaco da Xénese 2, 24.

Por iso deixa o home a seu pai e a súa nai para xuntarse coa súa muller e faceren un mesmo corpo.

O que conta este fragmento non podería ser porque Adán e Eva son os primeiros habitantes da terra e, polo tanto, non teñen pais.

Na Biblia hai moitos **xéneros literarios**, é dicir, diferentes xeitos de narrar os acontecementos. **A Biblia é un libro histórico** e o seu relato pode ser **real** ou **imaxinario**. Ademais, pode incluír narracións populares, lendas ou contos. Estas son as súas principais características:

- Contén relatos e crónicas de feitos ocorridos e acontecementos cotiáns rexistrados por escrito.
- Trátase de narracións adoutrinadoras e programáticas que amosan o que se debe facer agora.
- Ten unha finalidade relixiosa, destaca a presenza de Deus na historia.
- Os historiadores bíblicos, segundo os criterios dos seus tempos, procuraron transmitirnos máis que unha narración polo miúdo dos feitos históricos, as ensinanzas que proveñen deles.

Por que o ser humano perdeu todo o que Deus lle deu?

O ser humano foi creado libre para facer o ben e vivir en **harmonía** nun mundo perfecto, cos animais e con todo o alimento que necesitaba. Pero, que aconteceu? Por que se perdeu todo isto?



Xénese 3

- 1** A serpe era o máis arteiro de todos os animais que o Señor Deus fixera. Díxolle á muller: «Conque Deus vos prohibiu comer do froito das árbores do xardín?»
- 2** A muller respondeulle: «Podemos comer do froito das árbores todas do xardín.
- 3** Soamente da árbore de alá no fondo nos mandou Deus: Non comades dela nin a toquedes, non sexa que morrades.»
- 4** A serpe insistiu: «De ningunha maneira morreredes.
- 5** É que Deus sabe ben que o día en que comades dela, se vos abrirán os ollos e seredes coma Deus, sabedores do ben e do mal.»
- 6** A muller reparou que o froito da árbore era saboroso, atraente, e bo para adquirir entendemento. E coa mesma colleu do froito e comeu; logo deulle ao seu home, e tamén el comeu.
- 7** Entón abríronselles os ollos aos dous e decatáronse de que estaban espidos. Entrelazaron follas de figueira e cinguíronse con elas.
- 8** Oíron ao Señor Deus camiñar polo xardín ao aire do día, e acocháronse os dous entre as árbores.
- 9** Mais El chamou polo home, preguntándolle: «Onde estás?»
- 10** Respondeu o home: «Oínte no xardín, e tiven medo. Ao verme espido, agacheime.»
- 11** Preguntoulle o Señor Deus: «Quen che dixo que estabas espido? É que comiches da árbore da que che prohibira comer?»
- 12** Respondeulle o home: «A muller que me deches por compañeira ofreceume do froito, e comín.»
- 13** O Señor Deus díxolle á muller: «Que é o que fixeches?» E a muller respondeu: «A serpe enganoume, e comín.»

14 Entón o Señor Deus díxolle á serpe: «Porque fixeches isto, maldita sexas entre os animais e as feras todas do monte. Andarás arrastrada e comerás po toda a túa vida.

15 Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a dela. Ti tentarás de atanguerlle o calcañar, pero ela esmagarache a cabeza.»

16 Á muller díxolle: «Terás moitos afáns na túa preñez, parirás con dor os fillos. Devercerás polo teu home, e el dominarache.»

17 Ao home díxolle: «Porque lle fixeches caso á túa muller, comendo do froito da árbore que che prohibira comer, por culpa túa será maldita a terra: con traballos tirarás dela a túa mantenza mentres vivas.

18 Producirache silvas e abrollos, e terás que comer herbas silvestres.

19 Comerás o pan coa túa suor, ata que volvas á terra da que fuches tirado. De feito, ti es po e ao po tes que volver.»

20 O home chamou «Eva» á súa muller, pois vén ser a nai de todos os que viven.

21 O Señor Deus fíxolles túnicas de pel ao home e á muller, para se vestiren.

22 Logo o Señor pensou: «Agora que o home veu ser coma un de nós, en canto a coñecer o ben e o mal, non vaia ser que tenda a man, colla tamén da árbore da vida, coma do froito, e viva sempre.»

23 E botou ao home do xardín de Edén, para que cultivase a terra da que fora tirado.

24 E despois de botalo do xardín, puxo no oriente querubíns con espadas flamexantes, para cortarlle o paso cara á árbore da vida.

Fonte: A Biblia (<http://www.abibliagalega.com/>)

Actividade

2. Le e contesta.

Neste relato da Xénese vemos ao home no Paraíso e como o perde. Responde estas preguntas:

- Cal é o elemento que fai ao home libre?
- Cal é o froito da árbore prohibida?
- Que pasa cando Adán e Eva ven a Deus, despois de comeren o froito prohibido?
- Cales foron as consecuencias de desobedecer a Deus e de faceren o que estaba prohibido?

Sobre a liberdade

Cando pensamos no significado da palabra *liberdade*, a primeira definición na que pensamos sería algo así: «A liberdade é facer o que me apetece no momento que a min me pareza, pero normalmente isto non é posible porque alguén ou algo mo impide».

Pero se analizamos esta definición, podemos pensar que a persoa se deixa levar en cada momento polos seus antollos, non decide libremente, senón que é escravo dos seus propios instintos. Isto semella o contrario da liberdade, verdade?

Poderíamos dicir entón que somos libres cando actuamos conforme aos ditados do noso corazón, procurando sempre o correcto, sen importarnos o que digan os demais ou os nosos caprichos.



A liberdade e os papaventos

A liberdade adoita representarse como un papaventos voando ao vento.

José Luis Sampedro, catedrático de Economía, membro de número da Real Academia Española de la Lengua e un dos novelistas españois máis recoñecidos da segunda metade do século XX, escribiu o seguinte sobre a liberdade:



«A liberdade voa como os papaventos. Voa porque está atada. Colle un papaventos e lánzao, non voa. Pero áttalle unha corda e entón resistirá o vento e subirá. Cal é a corda do papaventos da liberdade: a igualdade e a fraternidade. É dicir, a liberdade responsable fronte aos demais».

«Só cooperando, construíndo entre todos un mundo máis xusto, podemos facer voar o noso papaventos da liberdade e engadiríra que tamén da felicidade. Non quedemos coas ganas de actuar, fagámolo cada día na medida das nosas posibilidades, sempre maiores do que somos capaces de imaxinar; só así viviremos plenamente».



Que curioso!

O papaventos naceu na China hai máis de 2500 anos no campo militar como medio para comunicar mensaxes, usando diferentes cores.

Benjamin Franklin inventou o pararraios empregando un papaventos. Colocoulle unha chave no seu cabo e, grazas a iso, puido estudar a forma de comportarse a electricidade dos raios eléctricos.

No ano 2009, na praia de Beit LAhiya, os nenos palestinos voaron máis de 3000 papaventos fronte ás torres militares israelís para pedir a paz.

Queres saber máis sobre o papaventos? Pois fai clic aquí (<http://www.juguetessomosnosotros.com/juguetes/la-cometa-simbolo-de-libertad/>).

Actividades

3. Debatede na clase sobre a liberdade e extraede conclusións sobre que é a liberdade, como podemos ser máis libres e que cousas non estamos a facer ben.

Un reto antes de seguir



Os pais de Xoán e Alicia contáronlle aos seus fillos que a xente que lles dera a bolsa no supermercado se dedica a recibir obxectos e a dalos de xeito organizado. O que eles fan é semellante ao labor que comezou St. Mary's en Estados Unidos.

Pescuda que fixo esta organización e completa a información da seguinte actividade interactiva.



3. Cando as cousas fallan: o mal e as súas consecuencias

Deus crea o home nun mundo perfecto, á súa imaxe e semellanza, con dignidade de persoa, para ter unha amizade con el. E ademais créao libre.

Que significa que o home é libre?

Adoitamos pensar que a liberdade depende dos demais, do que alguén nos permite facer. Ser libre non consiste en facer todo o que che apetece en cada momento. Isto fainos escravos dos nosos desexos. Non hai auténtica liberdade sen responsabilidade. Sen responsabilidade, a nosa liberdade vai dando tombos e pódenos levar ao fracaso.

Se queremos ser libres, nunha sociedade que vive en liberdade, debemos someter a nosa liberdade á responsabilidade.

12 —

Sobre a liberdade mal usada

Vimos que no Paraíso, cando o home ten que elixir, escolle desobedecer a Deus.



3 Soamente da árbore de alá no fondo nos mandou Deus: «Non comades dela nin a toquedes, non sexa que morrades.»

6 A muller reparou que o froito da árbore era saboroso, atraente, e bo para adquirir entendemento. E coa mesma colleu do froito e comeu; logo deulle ao seu home, e tamén el comeu.

Fonte: A Biblia (<http://www.abibliagalega.com/>)



Deus díxolle ao home que non fixera algo, pero o home decide actuar como lle apetece, sen pensar en que lle gustaría a Deus que fixese, deste xeito o home séntese superior a Deus.

Somos libres de facer o ben ou o mal e é o pecado o que nos leva a facer o mal. Imos ver algúns casos nos que o home, ao decidir, escolle facer o mal e trabúcase.

Le o relato de Caín e Abel en Xénesis 4, 1-16 (http://www.bibliaonline.net/biblia/?livro=1&versao=54&capitulo=&leituraBiblica=&tipo=&ultimaLeitura=&lang=es-AR&pag_ini=60&cab=).


Actividades

1. Agora que xa coñeces o relato de Caín e Abel, copia esta táboa no teu caderno e complétaa.

Relato de Caín e Abel (Xén 4, 1-16)	
Quen eran Caín e Abel?	
A que se dedicaban?	
Que aconteceu cando lle presentaron as ofrendas a Deus?	
Cales foron as consecuencias?	
Como tiña que actuar Caín?	

2. Coñeces a historia de Xonás?

Este libro fálanos da misericordia divina a través dunha parábola. Aquí (<http://antipas.net/sb/32sj.htm>) podes ler a historia de Xonás.



Agora que xa coñeces o libro de Xonás, copia esta táboa no teu caderno e complétaa.

Historia de Xonás. Libro de Xonás 1-4	
Quen é Xonás?	
Que lle pide Deus?	
Como usa a súa liberdade Xonás?	
Cales son as súas consecuencias?	
Que pasa ao final?	

Cando eliximos mal e facemos un uso inadecuado da nosa liberdade, desenvólvense unha serie de consecuencias que non previmos.

Ao longo da historia vemos moitos casos nos que o home se trabaça, actúa mal e vemos cales foron as súas consecuencias para a humanidade.

3. **En grupo.** Neste vídeo de Queen *Is this the world we created?* (http://safeshare.tv/v/Blk6EJIFR_k) podemos ver as accións do home por facer mal uso da súa liberdade. Despois, entre todos, enumerádeas e reflexionade sobre que podemos facer para mudalas.

4. Mira as seguintes imaxes. Identifica as situacións, sinala que consecuencias traen para as persoas que as sofren e indica como o poderíamos solucionar.

- **Guerra** (<https://peepchic.files.wordpress.com/2014/06/of-two-sisters-one-is-always-the-watcher-one-the-dancer-louise-glc3bcck-sisters-by-shomei-tomatsu-tsukudajima-tokyo-1955.png>)
- **Nenos na guerra** (<https://jorgemedinaazcarate.files.wordpress.com/2013/10/ninossoldado.jpg>)
- **Fame** (<https://consejonutricion.files.wordpress.com/2015/05/hambre.png>)

Os nosos actos e as súas consecuencias

A través dunhas pasaxes da Biblia veremos cales foron as accións que se presentaron, cales foron as decisións que tomaron os seus protagonistas e cal é a consecuencia.

Analizaremos como o home ás veces toma malas decisións usando a súa liberdade e Deus, aínda que nos ama, deixa que nos trabaquemos porque nos creou libres e con capacidade de elixir.

Actividades

5. Le estas pasaxes (<http://www.biblia.catholic.net/>) e mira os vídeos para poder completar a táboa no teu caderno.

- O home e a muller expulsados do Paraíso.

Le, Xn 3 e mira este vídeo (<http://safeshare.tv/w/BFQAhlJSCH>).

- Pedro nega a Xesús 3 veces.

Le Lc 22, 54- 62 e mira este vídeo (<http://safeshare.tv/w/eQgONlyqDX>).

- Xudas entrega a Xesús.

Le esta pasaxe Mt 26 e Mt 27, 3-10.

	Que fai o protagonista que non debería facer?	Como usa o protagonista a súa liberdade?	Consecuencias
Xn 3			
Lc 22, 54-62			
Mt 26 Mt 27, 3-10			

6. Debatete na clase. Que deberon facer os protagonistas dos relatos anteriores para actuaren correctamente?

Un reto antes de continuar

R

A asociación que estamos a buscar coñécese co nome de *banco*. A xente doa obxectos para que os que traballan alí organicen unha repartición e entreguen estes obxectos a outras persoas sen pedirilles nada a cambio.

Algunhas empresas agroalimentarias e certas cadeas de distribución de alimentos colaboran sistematicamente cos seus excedentes; nalgúns casos, axudando ademais na formación dos voluntarios.

Destes tipos de bancos, atopa o que buscamos. Resolve este labirinto.



4. Deus ensínanos o camiño do ben

Cando eliximos mal, estamos desobedecendo a Deus, e a consecuencia é que pecamos e isto afástanos de Deus. Porén, o Señor que nos ama, sempre nos dá unha segunda oportunidade. Esta segunda oportunidade faise real na persoa de Xesús, Deus feito home.

A Biblia declara que todos pecamos (Eclesiastés 7:20 (<http://biblia.com/bible/nvi/Ecl%207.20?culture=es>); Romanos 3:23 (<http://biblia.com/bible/nvi/Rom%203.23?culture=es>)). Pecar é facer algo que está en contra do que nos pediu Deus. Deus é eterno e infinito, o pecado afástanos de Deus (Salmo 51:4 (<http://biblia.com/bible/nvi/Sal%2051.4?culture=es>)). Pero Xesús veu para devolvernos a amizade con Deus. Xesús devolve a súa relación con Deus a todos os que confían total e unicamente no seu sacrificio como pago polo pecado (Xoán 3:16 (<http://biblia.com/bible/nvi/Juan%203.16?culture=es>); Feitos 16:31 (<http://biblia.com/bible/nvi/Hech%2016.31?culture=es>)). Tamén nesta decisión somos libres de dicirle «Si» a Xesús. A salvación non é obrigatoria, só salva a aqueles que o aceptan, aos que din si ao «seu agasallo máis prezado» (Xoán 1:12 (<http://biblia.com/bible/nvi/Juan%201.12?culture=es>)).



Actividades

1. Copia no teu caderno os versículos citados no noso texto e explícaos coas túas palabras.

Versículo	Contido	Explicación
Eccl 7,20 (http://biblia.com/bible/nvi/Ecl%207.20?culture=es)		
Romanos 3,23 (http://biblia.com/bible/nvi/Rom%203.23?culture=es)		
Salmo 51,4 (http://biblia.com/bible/nvi/Sal%2051.4?culture=es)		
Xoán 3,16 (http://biblia.com/bible/nvi/Juan%203.16?culture=es)		
Hechos 16,31 (http://biblia.com/bible/nvi/Hech%2016.31?culture=es)		
Xoán 1,12 (http://biblia.com/bible/nvi/Juan%201.12?culture=es)		



Que facemos cando nos trabucamos, eliximos de forma incorrecta, e chega o mal á nosa vida en forma de pecado? Atoparás a resposta nesta canción: *Restart* (<http://safeshare.tv/w/AlxWWdBJSQ>) de Newsboys. Escóitaa e fíxate no que di a súa letra.

2. **En grupo.** Agora que xa escoitastes a canción, organizádevos en grupos de catro e responde estas cuestións:

- Que lle pasa ao protagonista da canción?
- Quen lle abriu os ollos?
- Como está agora?
- Como estaba antes?
- Que fixo o Señor?
- Por que o Señor o fixo?

Reto superado

R

Chegou a hora de resolver o noso misterio oculto. De seguro que xa atinaches: o banco de alimentos!

En palabras da Federación Española de Bancos de Alimentos:

«Os bancos de alimentos son organizacións sen ánimo de lucro baseadas no voluntariado e cuxo obxectivo é recuperar excedentes alimentarios da nosa sociedade e redistribuílos entre as persoas necesitadas, evitando calquera desperdicio ou mal uso.

Operan en sociedades desenvolvidas nas que espertan o espírito solidario e difunden os valores humanos e culturais precisos para axudaren a mitigar a cruel contradición que se manifesta na existencia de excedentes alimentarios e as bolsas de pobreza e marxinação que hai.

Os bancos de alimentos non entregan comida directamente aos necesitados, senón a institucións caritativas e de axuda social oficialmente recoñecidas que teñen o contacto máis achegado cos colectivos necesitados.»




Para saber máis podes consultar esta páxina (<https://www.fesbal.org/>).

Xa coñeces que é un banco de alimentos. Agora, para superar o reto, propoñémosche esta actividade.



5. Deus crea un mundo perfecto para o ser humano na arte



A Creación, Miguel Anxo Buonarroti.

A través desta obra de arte, vemos como Deus, co seu brazo dereito, se dispón a crear o primeiro home, Adán, que xurde dos dedos da man do Creador. O autor da obra, Miguel Anxo, quíxonos amosar a existencia dunha distancia moi pequena entre a man do Creador e o home, para así representar a proximidade.

Ademais, para diferenciar ambos os dous personaxes, sérvese do contexto no que os representa: a Deus, entre nubes e outros espíritos celestiais, simbolizando o ceo; e a Adán, recostado nun anaco de terra.



The Earthly Paradise, Peter Wenzel.

Este cadro representa un Paraíso no que aparece o ser humano personificado en Adán e Eva. Esta idea de representar un paraíso feliz ten un efecto educativo para quen observa o cadro, porque produce o desexo de querer estar alí e de coidar todo o que nos arrodea.

Ao engadirmos unha persoa nunha escena de paraíso, debemos crear nela un certo espírito nobre e, por suposto, que reflecta tamén a beleza.

En definitiva, ter un cadro onde se representa un paraíso, un lugar maravilloso e adorable onde podemos crer na felicidade, resulta moi pracenteiro para o noso corazón, espírito e mente.



O paraíso, Marc Chagall.

O cadro está concibido como un díptico: á esquerda amósase a creación de Eva e, á dereita, a tentación. O paraíso é verde e azul. Os animais xiran felizmente ao redor de Adán, e ambos, Adán e Eva, deciden probar o froito prohibido; mentres a serpe enroscada os observa.

Actividades

1. En grupos, intentade responder esta cuestión: quen é a muller que está baixo o brazo do home ancián?



2. No cadro *The Earthly Paradise*, de Peter Wenzel, cantos seres vivos es capaz de descubrir? Escribe a resposta no teu caderno.

3. Observa con atención o cadro de *O paraíso* de Marc Chagall e responde as seguintes cuestións no teu caderno:

- Que personaxes aparecen nesta obra?
- Que fan?
- Describe brevemente que significa para ti este cadro.

6. Ao peche

Que aprendiches?

1. Copia e completa no teu caderno unha táboa como esta e valora o teu traballo.

Que aprendín sobre a causa pola que Deus crea o home?	...
Que aprendín sobre o que conta a Xénese de como se creou o mundo?	...
Que aprendín sobre o significado da palabra <i>liberdade</i> ?	...
Que aprendín sobre as consecuencias que nos trae o pecado?	...
Que aprendín sobre como Deus nos ensina o camiño do ben?	...

22 —

Avalíate

Amosámosche, a continuación, algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres intentos para superar cada actividade.



Reforza



Amplía

1. Fai un esquema cos datos máis relevantes da vida de José Luis Sampedro. Podes atopar os datos nestas ligazóns:

- Biografía de José Luis Sampedro (<http://www.buscabiografias.com/biografia/verDetalle/1691/Jose%20Luis%20Sampedro>)

- O escritor José Luis Sampedro (<http://www.escriitores.org/biografias/346-jose-luis-sampedro>)

Glosario

Abismo

Espazo fondo e perigoso, como o que se pode atopar nunha sima ou no océano.

Bulir

Axitarse nun proceso semellante á auga fervendo.

Caos

Confusión e desorde.

Espazo

Ceo cheo de astros.

Luceiro

Astro grande e brillante.

24 —

Ligazóns

[A santa Biblia \(ESP\)](http://www.vicariadepastoral.org.mx/sagrada_escritura/biblia/antiguo_testamento/01_genesis_01.htm) (http://www.vicariadepastoral.org.mx/sagrada_escritura/biblia/antiguo_testamento/01_genesis_01.htm)

[Catecismo da Igrexa Católica \(ESP\)](http://www.vatican.va/archive/catechism_sp/p1s2c1p6_sp.html) (http://www.vatican.va/archive/catechism_sp/p1s2c1p6_sp.html)

[Papaventos \(ESP\)](http://www.juguetessomosnosotros.com/juguetes/la-cometa-simbolo-de-libertad/) (http://www.juguetessomosnosotros.com/juguetes/la-cometa-simbolo-de-libertad/)

[Xonás](http://antipas.net/sb/32sj.htm) (http://antipas.net/sb/32sj.htm)

[Is this the world we created?](http://safeshare.tv/v/Blk6EJIFR_k) (http://safeshare.tv/v/Blk6EJIFR_k)

[A Xénese \(ESP\)](http://safeshare.tv/w/BFQAhlJSCH) (http://safeshare.tv/w/BFQAhlJSCH)

[Restart](http://safeshare.tv/w/AIxWWdBJSQ) (http://safeshare.tv/w/AIxWWdBJSQ)

[Biografía de José Luis Sampedro](http://www.buscabiografias.com/biografia/verDetalle/1691/Jose%20Luis%20Sampedro) (http://www.buscabiografias.com/biografia/verDetalle/1691/Jose%20Luis%20Sampedro)

[O escritor José Luis Sampedro](http://www.escriitores.org/biografias/346-jose-luis-sampedro) (http://www.escriitores.org/biografias/346-jose-luis-sampedro)

Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2019 (http://www.netexlearning.com/editoriales/)

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

Este libro foi debidamente supervisado e autorizado pola Comisión Episcopal de Enseñanza y Catequesis coa data do 13 de maio de 2016.

Autora dos contidos: Silvia Iglesias González.

Asesora didáctica: Susana Vázquez Martínez.

Quinta edición: setembro de 2019.